Historia da Música e da Danza

INDICE

INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN 4

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECIFICOS 5

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE 7

CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN / UNIDADES DIDÁCTICAS 8

UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APREDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE 15

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS 26

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS 28

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN 28

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 34

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 44

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 48

TEMAS TRANSVERSAIS 48

CONTRIBUCIÓN A OUTROS PROXECTOS OU PLANS..... 49

ACTVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 50

INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O ensino da materia da Música e a Danza no bacharelato pretende formar ao alumnado mediante a análise, a comprensión e a valoración das manifestacións musicais que se teñen producido no pasado e no presente, cunha actitude crítica e aberta ante a creación, difusión e consumo damúsica na sociedade actual. A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade.

A través desta materia de Historia da Música e da Danza, dos seus contidos históricos, audicións e representacións de danza, bríndase ao alumnado as ferramentas para adquirir un dos obxectivos elementais desta materia, como é a **conciencia de outras manifestacións culturais**, neste casorelacionadas coa **linguaxe musical e corporal como forma de expresión das diferentes culturas e a través de diferentes contextos e etapas históricas. Coñecer estas expresións, valoralas e respectalas como elemento básico dentro da cultura de cada civilización**. Historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza. Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións. Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza. A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición.

Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentose fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza.

O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración. Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar

que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízosestéticos propios.

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Esta programación axústase ás indicacións para a materia Historia da Música e da Danza recollidas no **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato**, e ás recollidas no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza**.

Os **obxectivos xerais** son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polos alumnos e as alumnas de Bacharelato. Constitúen os grandes retos que deben propoñer os e as docentes desta etapa. Son, polo tanto, interdisciplinares e de ámbitos educativos plurais: cognoscitivos, afectivos e psicosociais. Os cognoscitivos deberán alcanzarse mediante o ensino e a aprendizaxe da materia impartida polo profesorado. Os demais, mediante a contribución unánime do conxunto do profesorado.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega, lingua propia desta nacionalidade histórica, e a lingua castelá, cooficial da comunidade autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as

habilidades básicas propias da modalidade elixida. [non aparece no Decreto]

Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en

equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como

o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.ñ)

Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

A ensinanza da Historia da Música e da Danza no bacharelato terá como finalidade odesenvolvemento das seguintes capacidades:

Captar a través da audición e/ou visión de obras representativas, con ou sen apoio de partituras, as súas principais características formais, estéticas e estilísticas, co fin de situalas nos diferentes períodos da historia da música e da danza.

Coñecer as características dos diferentes períodos estilísticos da música e da danza, Diante o estudo das súas obras e persoas creadoras máis representativas, para comprender a evolución e importancia destas disciplinas artísticas no transcurso da historia.

Coñecer e valorar a importancia da música e a danza como manifestacións artísticas dunhasociedade, así como as súas relacións coa literatura e as demais artes, considerando a influencia de factores de tipo cultural, sociolóxico e estético no proceso creativo.

Desenvolver e ampliar a formación estética e o espírito crítico, adquirindo o hábito de escoitar ou presenciar espectáculos de música e de danza, en gravacións ou ben en directo, procedentes tantoda tradición clásica como doutras culturas ou de tendencias populares urbanas actuais, con estas a construír un pensamento estético autónomo, aberto e flexible.

Empregar un léxico e terminoloxía apropiada, sexa oralmente ou por escrito, para expresar procesos musicais ou coreográficos, así como para formular e defender as súas valoracións críticas e persoais.

Utilizar con autonomía e creatividade as fontes bibliográficas e as tecnoloxías da información e da comunicación, valorando a súa utilidade como recursos tanto para o coñecemento e a investigación como para o lecer.

Valorar e coñecer as achegas realizadas polo Estado español, e en particular por Galicia, á música e á danza, con vistas a apreciar a súa relación co patrimonio artístico e cultural e apreciar a riqueza dos seus propios sinais de identidade.

Comprender e respectar as diversas manifestacións artísticas contemporáneas, impulsando a súacuriosidade e interese cara a elas, con vistas a fomentar a ampliación, de xeito autónomo, das súas preferencias e gustos persoais.

Comprender o proceso de creación musical e coreográfica distinguindo os axentes que inflúen directamente na súa difusión: intérpretes, instrumentos, gravacións, partituras, medios decomunicación, etc.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os coñecementos que se traballan nesta materia e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética. A integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final, que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración.

As competencias clave a ter en conta son: **comunicación lingüística (CCL), competencia matemáticae competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

(CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC). Nesta materia, algunhas delas teñen máis protagonismo que as outras, segundo queda reflectido nas táboas por unidades presentes nesta Programación Didáctica, nas que se relacionan os elementos curriculares coas competencias clave vinculadas a cada unidade. Estas, as que adquiren unha maior relancia, son as seguintes:

Vencellada ao tipo de ensino que se desenvolve no IES San Clemente, a **competencia aprender a aprender (CAA)**. Esta é unha competencia elemental que ten que estar xa adquirida neste nivel de ensino pero que seguimos a traballar e potenciar a través desta materia e, dun xeito especial, dentro deste tipo de ensino semipresencial. Na Aula Virtual cólganse apuntamentos guía dos contidos para que o alumnado poda ter unha base de traballo para cada unidade, que se completan con material didáctico complementario (lecturas, artigos escaneados, vídeosdemostrativos de algún aspecto máis técnico, vídeos das audicións, etc.) relacionado con estes e coas audicións de cada bloque de contidos. A través destas ferramentas, e co apoio das titorías presenciais e multimedia, o alumnado ten boa parte das ferramentas básicas a partir das cales poder desenvolver un aprendizaxe autónomo e potencias a competencia de aprender a aprender.

Outra das competencias clave destacadas nesta materia é a de **conciencia e expresións culturais (CCEC)** xa que a través dos seus contidos históricos, audicións e representacións de danza, conséguese un dos obxectivos elementais desta materia, como é a conciencia de outras manifestacións culturais, neste caso relacionadas coa linguaxe musical e corporal como forma de expresión das diferentes culturas e a través de diferentes contextos e etapas históricas. Coñecer estas expresións, valoralas e respectalas como elemento básico dentro da cultura de cada civilización.

Tamén a **competencia en comunicación lingüística (CCL) e a competencia dixital (CD).** Ámbalas dúas trabállanse dun xeito esencial para poder desenvolver a materia debido ao tipo de ensino no que estamos a traballar. A competencia dixital ten que ter parte adquirida, e poténciase ao ser o principal canal dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. Asemade, a comunicación lingüística tamén é canal básico á hora de desenvolver contidos e como parte avaliable para as probas obxectivas.

O resto de competencias e como se relacionan cos elementos curriculares indícanse nastáboas de cada unidade.

CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN / UNIDADES DIDÁCTICAS

Os **contidos** seleccionados para Bacharelato recollen aspectos históricos, sociolóxicos e estéticos da linguaxe, da expresión e a audición, e teñen como obxectivo principal o afondamento no coñecemento da historia da música e a danza dende distintas perspectivas: artística, científica, técnica e social, que orienten ao alumno cara campos específicos afíns ou complementarios ás materias que está cursando. Estes bloques de contidos propostos para Bacharelato esixen unha mutua relación. Poden secuenciarse independentemente ou intercalarse uns cos outros. Todos eles poden estruturarse de forma cronolóxica ou ben abordando os temas en profundidade a partires dos conceptos básicos.

Ao tratarse dunha materia directamente relacionada co mundo da cultura en xeral, debe concibirse como unha parte dela e utilizar a interdisciplinariedade, na medida do posible, para comprendela mellor. Non debe concibirse este aprendizaxe á marxe da historia, da literatura, do pensamento filosófico e da arte en xeral, porque a historia da música foi froito do acontecer diario da vida do home e axente con todo da historia da humanidade.

Contidos mínimos

- Escoita e visión de obras de música e danza representativas de cada período, en soportes gravados ou en directo, procedentes doutras culturas ou de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.

- A obra artística no seu contexto histórico. Función social da música, da danza e dos artistas nas diferentes épocas.

- A partitura como elemento para a análise e identificación dos estilos dos períodos da historia da música e da danza, comprendendo a evolución da notación e a grafía musical.

- Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.

- Lectura e comentario crítico de textos literario musicais.

- Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, tanto de forma oral como escrita, sobre obras, textos relacionados coa música ou a danza, coascorrentes estéticas ou coas autoras e autores.

- Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, interelacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que foron creadas, seleccionando e utilizando a información procedente de diversas fontes, incluídas as tecnolóxicas, sobre autorías e obras.

- A documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, iconográficase sonoras.

Contidos / Temporalización.

AVALIACIÓN	BLOQUES DE CONTIDOS	CONTIDOS	temporalización /semanas
TRABALLADO EN TODAS	*Bloque 1. Percepción, análise e documentación*	B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música edanza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas. B1.2. A obra artística no seu contexto histórico. B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra. B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras. B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza. B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática. B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras. B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.	AO LONGO DO CURSO

1	Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media	B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino. B2.2. Música profana: xograres e goliardos. B2.3. Instrumentos medievais. B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzasteatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos. B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	setembro

	Bloque 3. O Renacemento	B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa. B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilanciño e romance). Polifonistas doséculo de ouro: Tomás Luis de Victoria. B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. B3.5. Danzas de corte: tipos e características. B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.	Setembro/ Outubro

	Bloque 4. O Barroco	B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas. B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón. B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza. B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora. B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.	Outubro
EXAME 1ª AVAL. 17 de Novembro			

	Bloque 5. O Clasicismo	B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim. B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria. B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven. B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. B5.6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena. B5.7. Clasicismo en España.	Novembro/ decembro

2	Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo	B6.1. Romanticismo. Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. Piano romántico. Música de cámara. Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo. Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo. B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal. B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras. B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. B6.6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada. B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores. B6.8. Influencia da literatura na música.	Decembro/ xaneiro
EXAME 2ª AVAL 2 de Febreiro			

3	Bloque 7. Primeiras tendencias modernas	B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas. B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas. B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki. B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX. B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz. B7.6. Concepcións da orquestra no século XX. B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc. B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX. B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.	Febreiro

	Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.	B8.1. Serialismo Integral. B8.2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta. B8.3. Postserialismo. B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as. B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX. B8.7. Cante e baile flamenco. B8.8. Música e danza popular galega B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	Febreiro/ Marzo

	Bloque 9. A música tradicional no mundo.	B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. B9.4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.	Abril
EXAME 3ª AVAL. 13 de abril			
EXAMEN FINAL 11 de maio / EXTRAORDINARIO 15 de xuño			

Audicións/ Temporalización

AUDICIÓNS OBRIGATORIAS	
AVALIACIÓN	AUDICIÓNS
1	Audición: 1 PUER NATUS EST (introito gregoriano) Audición: 2 GRATULANTES (Códice Calixtino) Audición: 3 SANTA MARIA, Cantiga nº 100 (Afonso X)Audición: 4 ONDAS DO MAR DE VIGO (M. Códax) Audición: 5 MATONA MIA CARA (Orlando di Lasso) Audición: 6 KYRIE da Misa do Papa Marcello (G. P. L. da Palestrina) Audición: 7 TODOS LOS BIENES (J. del Encina) Audición: 8 LA BOURRÉE (M. Proetorius) Audición: 9 VI RICORDA (ORFEO (C. Monteverdi) Audición: 10 A MARCHA DOS TURCOS (J. B. Lully) Audición: 11 PAIXÓN SEGUNDO SAN MATEO (J. S. Bach) Audición: 12 ALLELUIA (G. F. Haendel) Audición: 13 O INVERNO (A. Vivaldi)
2	Audición: 14 SINF. A GALIÑA 1º MOV. (J. Haydn) Audición: 15 PEQUENA SERENATA 4º MOV. (Rondó-Allegretto) (W. A. Mozart) Audición: 16 A FRAUTA MÁXICA. A Raíña da Noite (W.A. Mozart) Audición: 17 Baile (Acto III, Escena 3ª), ORFEO E EURÍDICE, (Ch.W. Gluck) Audición: 18 5ª SINFONIA, 1º mov. (L. van Beethoven)

	Audición: 19 NOCTURNO Op. 9, nº 2 (F. Chopin) Audición: 20 LIBIAMO de La Traviata (G.Verdi) Audición: 21 OS MESTRES CANTORES (obertura) (R. Wagner)Audición: 22 MARGARIDA NA ROCA (F. Schubert) Audición 23 A NEGRA SOMBRA (J. Montes) Audición: 24 DÚO de Felipe e Mari Pepa (R. Chapí) Audición: 25 O CREBANOCES (Danza da fada Larpeirada) (P. I. Tchaikovsky)
3	Audición: 26 LA MER (C. Debussy) Audición:27 IONISATION (E.Varése) Audición: 28 TIENTO Y BATALLA (C. Halffter) Audición: 29 DIE NACHT (A. Schönberg) Audición: 30 DANZA DEL MOLINERO (M. De Falla) Audición: 31 A CONSAGRACIÓN (I. Stravinsky)

UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBXECTIVOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Bloque 1. Percepción, análise e documentación			
Obxectivos: i, d, n, m			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais,estéticas e estilísticas.	B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada	HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	CCEC CAA CMCCTCCL
		HDMB1.1.2. Domina o vocabularioe a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	
		HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.	

B1.2. A obra artística no seu contexto histórico. B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.	B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visióne análise, ou compararobras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.	HDMB1.2.1.Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.	CCECCAACCL
		HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.	
		HDMB1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.	
B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversasfontes sobre autorías eobras.	B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.	HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.	CCECCAACSC
		HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.	
		HDMB1.3.3. Comprende e describeo proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.	

B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.	B1.5. Analizar textos relativos á música ou á danza.	HMDB1.5.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.	CCL CAA CCEC
		HMDB1.5.2. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	
B1.6. Estudo da músicae da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.	B1.6. Explicar, a partir dun exemplo proposto,a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.	HMDB1.6.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	CAA CCEC CCL CD CSIEE
		HMDB1.6.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	
		HMDB1.6.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	

B1.7. Documentación: recursos bibliográficose ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.	B1.7. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado erelativo á música, a danza, a literatura ou aestética da arte de calquera época.	HMDB1.7.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.	CAA CSIEE CCECCCL CSC
		HMDB1.7.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	
		HMDB1.7.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.	
B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específicae xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza,coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.		HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusiónssobre o procedemento establecido,a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CSC CSIEE CCECCCL CAA CD
		HMDB1.6.5. Expón de xeito precisoe ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.	
		HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	

Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media			
Obxectivos: b, d, g, h, m, n, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacementoe evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino. B2.2. Música profana: xograres e goliardos. B2.3. Instrumentos medievais. B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galiciae códices afonsinos. B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	B2.1. Identificar, a través da audición ou davisión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máissignificativas, con outrosaspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos. HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos	CAA CCEC CCL CD CSC

Bloque 3. O Renacemento			
Obxectivos: b, d, h, g, m, n, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa. B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. B3.5. Danzas de corte: tipos e características. B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.	B3.1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou davisión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAA CCEC CCL
		HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD

B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.	B3.2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAA CCEC CSC CCL

Bloque 4. O Barroco			
Obxectivos: b, d, g, h, m, n, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas. B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón. B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.	B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAACCECCCL
		HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD

B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: óperae zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora. B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.	B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos.	CAACCECCSC CCL

Bloque 5. O Clasicismo			
Obxectivos: b, d, g, h, m, n, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim. B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria. B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven. B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. B5.6. Ballet de acción. Noverree outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.	B5.1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAACCECCCL
		HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD

B5.7. Clasicismo en España.	B5.2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obrasmáis significativas, conoutros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedadedo mesmo período.	HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAACCECCSC CCL

Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo			
Obxectivos: b, d, g, h, m, n, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B6.1. Romanticismo. Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. Piano romántico. Música de cámara. Ópera. Tendencias. Evoluciónda ópera como espectáculo. Verismo. Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo. B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal. B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obrase figuras. B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. B6.6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.	B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obraspropostas.	CAACCECCCL
		HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD

B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores. B6.8. Influencia da literatura na música.	B6.2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAACCECCSC CCL

Bloque 7. Primeiras tendencias modernas			
Obxectivos: b, d, g, h, m, n, h, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas. B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas. B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki. B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX. B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz. B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.	B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAACCECCCL
		HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD

B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc. B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX. B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.	B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticose as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedadedo mesmo período.	HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAACCECCSC CCL

Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX			
Obxectivos: d, h, m, n, l, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B8.1. Serialismo Integral. B8.2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta. B8.3. Postserialismo. B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as. B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.	B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.	HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	CAACCECCCL
		HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	CCECCCL CD
B8.7. Cante e baile flamenco. B8.8. Música e danza popular galega B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	CAACCECCSC CCL

Bloque 9. A música tradicional no mundo.			
Obxectivos: h, n, l, g, p			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Competencias clave**
B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. B9.4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.	B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.	HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.	CCECCCL CD

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O ensino da Historia da Música e a Danza no Bacharelato, ao igual que na Educación Secundaria Obrigatoria, debe partir de dous piares **metodolóxicos** fundamentais: a expresión e a audición musical. Procedementos como o canto, a danza, o comentario de partituras e de textos, a elaboración de mapas conceptuais, a utilización de medios audiovisuais e das novas tecnoloxías, etc., empregaranse segundo a necesidade do proceso de ensino - aprendizaxe. Desta maneira poderanse comprender, analizar, asimilar e relacionar os contidos propostos. Si se adquire unha sólida formación musical a través desta metodoloxía, poderase introducir ao alumno no campo da crítica e a valoración das distintas manifestacións musicais que ofrece a nosa sociedade.

Entendemos que a metodoloxía que se leva a cabo debe ser aberta e adaptable ás características do grupo e as necesidades do profesor. En todo caso, a

participación dos alumnos noproceso de ensinanza - aprendizaxe facilitará a adquisición dos conceptos de forma indutiva e indagatoria.

Convirá adaptar unha metodoloxía que partindo do que alumno/a coñece, sexa capaz de conectarcos seus intereses e necesidades, coa súa peculiar forma de ver o mundo, e lles propoña, de forma atractiva unha finalidade clara para aplicar os novos aprendizaxes que desenvolven.

O deseño de actividades incluirá distintas vías, de forma que facilite a ampliación das posibilidades expresivas do alumnado en canto aos seus sentimentos, ideas e vivencias persoais. O profesorado tamén terá presente as capacidades creativas dos alumnos/as e favorecerá o pensamento diverxente propio das actividades artísticas.

Propoñemos unha aprendizaxe dos coñecementos baseada en gran medida nos descubrimentos a través dunha audición activa. Esta pode ser completada mediante explicacións, investigaciónse outros métodos dedutivos.

Por último, indicar que a metodoloxía que pode levarse a cabo está condicionada polos recursos e materiais que poidan estar a disposición, aumentando ou diminuíndo as posibilidades ao respecto.

Os principios que rexen a elaboración da presente programación serán:

A actividade: Un método activo caracterízase pola concepción inicial de que as cousas se aprenden facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables que debido ó talante da nosa área poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e expresivo - comunicativas.

A creatividade: mediante a inclusión de actividades (exercicios, traballos, prácticas,investigacións...) que estimulen o pensamento.

A socialización: propiciarase un coñecemento vivencial mediante o contacto coa realidade cultural e as manifestacións artísticas musicais, asistencia a concertos de todo tipo, exposicións relacionadas co campo musical e co son en xeral, estudios de gravación, e todo o que poida gardar relación coa presenza social da música.

A interdisciplinariedade: en todo momento terase en conta: a posibilidade de aproveitar os numerosos puntos de contacto co currículo das outras áreas; a consideración dos contidos transversais como posible elemento motivador que englobe actividades concretas como un posible centro de interese; a globalización: a área de “Música” presenta uns bloques de contidos cunha conexión interna máis que evidente. É dicir, a través do traballo duns incídese inmediatamente nos outros, formando unha unidade dificilmente separable en apartados.

Tendo en conta as limitacións que o ensino a distancia ten en canto ao contacto co profesor,o alumnado ten a súa disposición na Aula Virtual unha serie de documentos en formato PDF, onde se recollen as liñas xerais e outras orientacións de interese. Ademais, pode consultar as dúbidas que lle vaian

xurdindo por outras vías, como son a telefónica, correo electrónico ou titoría web. É importante tamén que estean pendentes da Aula Virtual do centro, xa que é o medio que usa o profesorado para transmitir calquerainformación ao alumnado, xa sexa de modificación de contidos ou de material adicional.

A materia consta de dúas partes: teórica e práctica. A primeira debe ser estudada seguindo os documentos PDF que nos serven delibro de texto, mentres que a práctica comprende audicións que o alumno ou alumna debe recoñecer e comentar.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Materiais curriculares para o profesorado.

Currículos establecidos para a materia de Historia da Música e da Danza na ComunidadeAutónoma de Galicia.

Outros materiais didácticos dos que dispón o Departamento.

Materiais didácticos.

Documentos PDF elaborados polo profesorado que funcionan como apuntamentos das unidades didácticas.
Presentacións ppt sobre os contidos e exemplos de audicións nos seus contextos.
Base de datos musical das audicións obrigatorias e complementarias por épocas. Audicións en formato vídeo.
Material didáctico en soporte vídeo e/ou dixital, relacionado con aspectos máis técnicos dalinguaxe musical. CD e vídeos didácticos sobre a materia.
Bibliografía básica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

A avaliación constitúe un elemento básico para a orientación das decisións curriculares. Permite definir adecuadamente os problemas educativos, emprender actividades de investigación didáctica, xerar dinámicas de formación do profesorado e, en definitiva, regular o proceso de concreción do currículo

a cada comunidade educativa.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

A cualificación para cada avaliación obterase comprobando o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, contidos e competencias.

Neste modelo educativo non presencial, os procedementos avaliativos son moi restrinxidos, limitándose estes ás **probas obxectivas**, unha por avaliación. O tipo de proba escrita ou exame será variado co fin de adaptarse á diversidade do alumnado, podendo incluír:

- Preguntas tipo test.
- Comentarios de audicións

.

D
e
f
i
n
i
c
i
ó
n

d
e

c
o
n
c
e
p
t
o
s
.

Preguntas de desenvolvemento e/ou relación dos contidos.

Este exame terá unha duración dunha hora e cuarto e procederase á audición despois de pasados os primeiros vinte minutos do mesmo.

Criterios de cualificación e promoción.

Ao longo do curso, o alumnado terá tres avaliacións, e sempre estará previamente informado do estilo do exame e da cualificación das preguntas.

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior.

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas, terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia deberá obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso, se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, este poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións, sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

Se o alumno ou alumna non acada unha cualificación óptima na avaliación final, deberá presentarse á proba extraordinaria na data fixada polo centro. Esta proba versará sobre a totalidade da materia, e para aprobar a mesma, será necesario superala cunha nota mínima dun 5.

Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con “métodos ilícitos” (é dicir copiou), de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, gráfica, etc., a persoa docente imporá como sanción punitiva unha nota de cero no devandito exame. Ademais, porase en comunicación o

feito á Xefatura de Estudos para a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non haberá diferencia entre faltas xustificadas e inxustificadas. Todas se considerarán por igual como faltas de asistencia, e polo tanto, constarán como non presentado.

Nas probas obxectivas ou exames teranse en conta a redacción, ortografía e presentación.

Criterios de avaliación.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Bloque 1. Percepción, análise e documentación	
B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.	B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.
B1.2. A obra artística no seu contexto histórico. B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.	B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.
B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.	B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.
B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.	B1.4. Analizar textos relativos á música ou á danza.

B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.	B1.5. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.
B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas esonoras. B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.	B1.6. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.

Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media	
B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.	B2.1. Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazosmáis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.
B2.2. Música profana: xograres e goliardos. B2.3. Instrumentos medievais. B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.	B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos. B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	
Bloque 3. O Renacemento	
B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.	B3.1. Identificar obras do renacemento, a través daaudición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. B3.5. Danzas de corte: tipos e características. B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.	B3.2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 4. O Barroco	
B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas. B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.	B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.	
B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora. B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.	B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 5. O Clasicismo	
B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim. B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria. B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven. B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. B5.6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.	B5.1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

B5.7. Clasicismo en España.	B5.2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo	
B6.1. Romanticismo. Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. Piano romántico. Música de cámara. Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo. Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo. B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal. B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras. B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. B6.6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada	B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

.	
B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores. B6.8. Influencia da literatura na música.	B6.2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 7. Primeiras tendencias modernas	
B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas. B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas. B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki. B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX. B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz. B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.	B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.

B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc. B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX. B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.	B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.	
B8.1. Serialismo Integral. B8.2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta. B8.3. Postserialismo. B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música	B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.

galega. Autores/as contemporáneos/as. B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.	
B8.7. Cante e baile flamenco. B8.8. Música e danza popular galega B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.
Bloque 9. A música tradicional no mundo.	
B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. B9.4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.	B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: GRAO MINIMO DECONSECUCIÓN, PROCEDIMIENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Bloque 1. Percepción, análise e documentación			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B1.1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características	B1.1. Expresar xuízos persoais mediante unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición ou a visión e a análise dunha obra determinada, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os	HMDB1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. HDMB1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.	Realiza unha valoración estética e crítica dunha obra, empregando vocabulario específico.

formais, estéticas e estilísticas.	coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada	HDMB1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.	
B1.2. A obra artística no seu contexto histórico. B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.	B1.2. Situar cronoloxicamente unha obra, tras a súa escoita ou a súa visión e análise, ou comparar obras de similares características, representativas dos estilos ou as escolas principais, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas.	HDMB1.2.1.Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza. HDMB1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. HDMB1.2.3. Contextualizaa obra no seu momento histórico e/ou estilístico.	Sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da Historia da música e da danza, identificando os principais estilos e trazos de cada período, así como as obras máis representativas, todo elo dentro da súa contextualización histórica, social e cultural
B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.	B1.3. Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das épocas, os estilos ou os/as autores/as máis representativos/as da historia da música e da danza.	HDMB1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. HDMB1.3.2. Entende e explica a función das obrase a influencia na sociedadee noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. HDMB1.3.3. Comprende e describe o proceso	Comprende a función e influencia dos contextos históricos, sociais e culturais e as obras artísticas, e viceversa.

		creativo de músicos/as e coreógrafos/as.	
B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.	B1.5. Analizar textos relativos á música ou á danza.	HMDB1.5.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. HMDB1.5.2. Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	Elabora un comentario de texto sintetizando as ideas principais, empregando vocabulario específico e identificando as formulación do autor/aen relación coas correntes estilísticas dunha época.

B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.	B1.6. Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou dun comentario, a utilización da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.	HMDB1.6.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.	Explica o papel das obras da música e da danza nos contextos nos que foron creadas.
		HMDB1.6.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.	
		HMDB1.6.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.	
B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.	B1.7. Elaborar traballos de investigación,	HMDB1.7.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.	Selecciona un tema de investigación, establece xerarquías de análise. [elemento voluntario]
		HMDB1.7.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.	
		HMDB1.7.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.	

B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.	individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.	HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusiónsobtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	Establece conclusións sobre un tema de investigación e elabora impresións persoais. [elemento voluntario]
		HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.	
		HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	

Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacementoe evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino. B2.2. Música profana: xograres e goliardos. B2.3. Instrumentos medievais. B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galiciae códices afonsinos. B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.	B2.1. Identificar, a través da audición ou davisión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico. B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máissignificativas, con outrosaspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos. HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas.

Bloque 3. O Renacemento			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa. B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. B3.5. Danzas de corte: tipos e características. B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.	B3.1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas e dos autores/as máis destacados.
		HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	
B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. B3.3. O Renacemento en	B3.2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras	HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o	

España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.	máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	

Bloque 4. O Barroco			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B4.1. Música no Barroco: características, periodizacióne escolas. B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón. B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.	B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obraspropostas.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así como as aportacións dos autores/as máis
		HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	

B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. B4.9. Principais compositorese compositoras. Función social da persoa compositora.B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.	B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos.	destacados do período.

Bloque 5. O Clasicismo			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim. B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria. B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven. B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. B5.6. Ballet de acción. Noverree outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.	B5.1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticase os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así como as aportacións dos autores/as máis destacados do período.
		HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	
B5.7. Clasicismo en España.	B5.2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	

Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B6.1. Romanticismo. – Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. – Piano romántico. Música de cámara. – Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo. – Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo. B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal. B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras. B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. B6.6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.	B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así como as aportacións dos autores/as máis destacados do período.
		HMDB6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	

B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores. B6.8. Influencia da literatura na música.	B6.2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	

Bloque 7. Primeiras tendencias modernas			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas. B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas. B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki. B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX. B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz. B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.	B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.	HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así como as aportacións dos autores/as máis destacados do período.
B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc. B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX. B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.	B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	

Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B8.1. Serialismo Integral. B8.2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta. B8.3. Postserialismo. B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as. B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.	B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do século XX, através da audición ou da visión, e describir osseus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.	HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas. HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural,e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así comoas aportacións dos autores/as máis destacados do período.
B8.7. Cante e baile flamenco. B8.8. Música e danza popular galega B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.	B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.	HMDB8.2.1. Analizaa complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.	

Bloque 9. A música tradicional no mundo.			
Contidos	**Criterios avaliación**	**Estándares aprendizaxe**	**Grao mínimo consecución**
B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. B9.4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.	B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.	HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.	Coñece e contextualiza as características do período histórico, social e cultural, e establece relacións coas producións musicais e da danza, identificando e caracterizando os trazos das obras máis representativas, así como as aportacións dos autores/as máis destacados do período.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXEE DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O profesor/a, cando avalíe o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, fará unha reflexiónsobre os seguintes puntos:

-Planificación

-Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino a distancia)

-Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe

-Proceso de ensino e a práctica docente

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros,tendo en conta que estamos ante unha oferta educativa a distancia:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible parao seu desenvolvemento.		
	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula virtual.		
	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	Planifica a materia de modo flexíbel, preparando actividadese recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	Coordínase co profesorado doutros departamentos .		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates e diálogos a través do foro…).		
	Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado (tendo en conta que é		

	a distancia).		
	Estimula a participación activa dos estudantes na aula (foro, chat, titorías...)		
	Promove a reflexión dos temas tratados.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas		
	Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posíbel, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías a través das diferentes canles dispoñíbeis: titorías multimedia, presenciais, vía telefónica.		
	Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	Utiliza recursos web ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula virtual.		
	Mantén unha comunicación fluída cos estudantes a través das canles dispoñíbeis.		

	Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-	Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		

APRENDIZAXE	Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas,e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes no son alcanzados suficientemente.		
	Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		

Polo que se refire á avaliación da programación didáctica, en reunións de carácter quincenal realizarase un seguimento da programación didáctica por parte de todos os membros do departamento. Ao finalizar o curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiranse os posíbeis trocos na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Outros aspectos			

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

Os materiais configuráronse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos en materias como a que nos ocupa.

A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as múltiples posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe que, por un lado, se organizan en relación a súadificultade , establecéndose ao principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar a outras complexas, abstractas e explicativas; e, por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir o mesmo obxectivo didáctico.

TEMAS TRANSVERSAIS

O currículo do bacharelato ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lles permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o que supón a incorporación o currículo da Historia da Música e da Danza dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales coma **a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.** Estes temas transversais desenvólvense no proxecto curricular integrados nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais do currículo.

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende:

Apreciar os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciables da humanidade

Desenvolver actitudes de rexeitamento as desigualdades sociais e económicas dos pobos

Promover actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias

A educación moral e cívica pretende :

- Desenvolver actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias

Formar un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas

Saber debater cunha actitude crítica e tolerante, argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais . **Comprender** aqueles contidos de grande impacto social como a emigración , a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

A educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

Analizar criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalentee equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.

- Consolidar hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundocontemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.

Corrixir a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, utilízanse de xeito inconsciente

A educación ambiental pretende:

Comprender as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.

Valorar e respectar o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo aresponsabilidade da súa conservación e mellora.

A educación multicultural ten como finalidade :

Comprender o significado histórico das culturas non europeas, en especial no referente asexpresións artístico-musicais e da danza.

Desenvolver actitudes de respecto, que non tolerancia, e valoración de culturas nonoccidentais.

Facerlles entender que Europa non ten a solución a tódolos problemas, que as democraciaseuropeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas

CONTRIBUCIÓN A OUTROS PROXECTOS OU PLANS.

Tendo en conta o carácter semipresencial do bacharelato que se imparte no IES San Clemente, o coñecemento e uso das TIC é imprescindible para o desenvolvemento de todo este sistema educativo. Son tamén actividades de participación no centro:

Proxecto lingüístico: esta materia impártese en lingua galega.

Proxecto lector: contémplase de forma implícita no desenvolvemento da materia. O alumno debe consultar diversas fontes bibliográficas e informacións da Hª da música que terá que comprender e analizar. O resultado do proceso de aprendizaxe por parte do alumno debe cubrir tres etapas: información, comprensión e

memorización e en todas elas se require a lectura de textos xunto con gráficos, mapas, series xa que resulta imposible a retención de contidos sen ler, reler, subliñar, esquematizar e responder, actividades ligadas a lectura.

Plan de convivencia: dado o carácter non presencial deste bacharelato, só poderá atenderse esta cuestión dun modo transversal a través dos contidos da materia, incidindo nos aspectos que teñan que ver coa igualdade de xénero, o respecto a tolerancia e a igualdadede dereitos. O Centro non ten un Regulamento como tal pero está a desenvolver unhas regras básicas de convivencia por escritos entre os integrantes da comunidade educativa.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS e EXTRAESCOLARES.

Dado o carácter non presencial do bacharelato impartido no IES San Clemente, as actividades complementarias, como saídas culturais, proxección de material audiovisual, etc., están condicionadas. Comunicarase ao alumnado, a través da páxina da aula virtual, os acontecementos culturais e musicais máis destacados da comunidade, do país ou internacionais, aínda que continúe sendo complicado planificar este tipo actividades.